



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA, E A ASOCIACIÓN GALEGA DE ÁRIDOS (AGA), PARA O ESTUDO DAS SINERXIAS ENTRE A PRODUCCIÓN DOS ÁRIDOS E O TRATAMENTO DOS RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Enerxía de Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria,

DECLARA:

Que esta Consellería ten previsto formalizar coa Asociación Galega de Áridos (AGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 26 de abril de 2016 ata o 15 de novembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre a CEEI e a AGA, para o desenvolvemento dun “Estudo sobre as sinerxias entre a produción dos áridos e o tratamento dos RCD’s”, dentro do concepto de Economía Circular, de forte impulso dende as institucións comunitarias

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A actividade a subvencionar ten un indubidable interese económico e social dado que o seu obxectivo é o impulso da industria mineira dos áridos de Galicia, a dinamización do sector, o fomento da seguridade e saúde no traballo e o impulso da recuperación de materiais, dentro das liñas seguidas polas institución europeas.

O feito de que o convenio sexa realizado coa AGA, trae como consecuencia que as accións incluídas no mesmo as desenvolva un ente no que se configuran a maioría das empresas do sector dos áridos de Galicia e é este a mellor canle para atender ás





necesidades demandadas polo conxunto das empresas configuradas no seno do mesmo, e asemade é coincidente co fin de fomentar o asociacionismo e as actuacións colectivas que defende a Xunta de Galicia.

Polo que, atendendo ao carácter singular que se deriva das excepcionais circunstancias nas que se realizan as actividades obxecto de convenio non é posible polo tanto promover a concorrência pública, e na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 está establecida a aplicación orzamentaria para o financiamento das actividades concretas obxecto do presente convenio, a partida 09.20.734-A.781.2 “Convenios coa Asociación Galega de Áridos”.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 14 de abril de 2016.

